

ORDENANZA MUNICIPAL DE POLICÍA, BO GOBERNO E CONVIVENCIA

(Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 290 , 18 decembro de 2008)

O BARCO DE VALDEORRAS

Anuncio

Trala aprobación inicial o 2 de outubro de 2008 da Ordenanza de policía, bo goberno e convivencia do Concello do Barco de Valdeorras, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións ou alegacións, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza, para os efectos da súa entrada en vigor no prazo do artigo 65.2 da Lei 7/1985.

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRIMEIRO

TÍTULO SEGUNDO: DEREITOS E DEBERES DA POBOACIÓN

Capítulo 1º: Dos dereitos cidadáns.

Capítulo 2º: Dos deberes dos habitantes do Barco de Valdeorras.

TÍTULO TERCEIRO: DA POLICÍA DA VÍA PÚBLICA

Capítulo 1º: Disposicións xerais.

Capítulo 2º: Rotulación e numeración.

Capítulo 3º: Animais domésticos.

Capítulo 4º: Limpeza da vía pública e recollida de residuos.

Capítulo 5º: Uso especial da vía pública.

Capítulo 6º: Publicidade na vía pública.

Capítulo 7º: Ocupación da vía pública con postos ou quioscos e venda ambulante.

Capítulo 8º: Do tránsito pola vía pública con elementos ofensivos ou perigosos.

Capítulo 9º: Do uso impropio e indebido da vía pública.

Capítulo 10º: Dos actos vandálicos no uso do mobiliario urbano.

Capítulo 11º: Dos actos de mendicidade e prestación de determinados servizos na vía pública.

TÍTULO CUARTO: POLICÍA DA VÍA PÚBLICA, EDIFICIOS, CONSTRUCCIÓN E TERREOS EDIFICABLES

TÍTULO QUINTO: DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Capítulo 1º: Disposicións xerais.

Capítulo 2º: Réxime sancionador.

Capítulo 3º: Reparación de danos.

Capítulo 4º: Medidas de policía administrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAIS

ORDENANZA DE POLICÍA, BO GOBERNO E CONVIVENCIA DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello do Barco de Valdeorras, coa Ordenanza de policía, bo goberno e convivencia, establece un marco que garanta a convivencia cidadá definindo as normas ás que esta ha de axustarse, e iso para facer efectivos os dereitos veciñais emanados dos principios constitucionais do artigo 18 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e do resto do ordenamento xurídico. Dítase en uso da potestade de ordenanza que ten atribuída a corporación por virtude do artigo 140 da Constitución, 84.1 da Lei 7/1985 e 55 do seu texto refundido, así como na Carta europea de salvagarda dos dereitos humanos.

Para conseguir ese obxectivo, a ordenanza establece dereitos e deberes dos veciños nas súas relacións mutuas, así como nas súas relacións co Concello, co obxectivo de puntualizar aqueles aspectos que, sen estaren expresamente regulados en normas de igual ou superior rango, contribúen a mellorar as relacións no ámbito do termo municipal.

A ordenanza, actualiza a vixente até agora do ano 1980, configúrase dentro dos límites que establecen a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, e as demais leis, estatais ou autonómicas, que configuran o marco de actuación das entidades locais.

Todas as materias que se regulan nestas ordenanzas, enténdense sen prexuízo das demais normas reguladoras das materias ás que se refire a presente Ordenanza, que serán de aplicación preferente salvo no que nelas non estea expresamente determinado.

TÍTULO PRIMEIRO

Artigo 1. - O obxectivo primordial da Ordenanza é o respecto e a mellora da convivencia cidadá e o fomento do civismo, o respecto entre as persoas e ao medio e, no seu caso, establecer as medidas precisas para corrixir as situacións que as perturben e aplicar as sancións que procedan.

Artigo 2. - A Ordenanza é de aplicación en todo o termo municipal do Barco de Valdeorras, e quedan obrigados ao seu cumprimento os que se atopen nel, sexa cal for a súa condición veciñal e estean ou non censados no municipio.

TÍTULO SEGUNDO: DEREITOS E DEBERES DA POBOACIÓN

Artigo 3. - Recoñéceselles a todos/as os/as veciños/as do municipio, con independencia dos dereitos que xenericamente lles recoñecen a Constitución e as leis, o dereito ao uso e o gozo de todos os servizos municipais en condicións de igualdade de acordo coas normas, ordenanzas e regulamentos que os rexen. Ás persoas que se atopen no termo municipal e non teñan a condición de veciños/as, recoñeceránselles todos os dereitos que non sexan inherentes a esta.

Capítulo 1º: Dereitos dos cidadáns

Artigo 4. - Recoñéceselles aos/ás veciños/as do Barco de Valdeorras, e aos que se atopen eventualmente no termo municipal, nos termos previstos nas leis, os seguintes dereitos:

- a) Protección da súa persoa e dos seus bens.
- b) Dirixirle solicitudes e peticións á Alcaldía e á Corporación municipal.
- c) Solicitar aproveitamentos especiais sobre bens de uso público e prestación de servizos en interese exclusivo de parte.
- d) Participar na xestión municipal, de acordo co disposto na lexislación vixente.
- e) Ser elector e elixible, de acordo co disposto na lexislación vixente.
- f) Aqueloutros dereitos establecidos polo ordenamento xurídico español.
- g) Respecto dos demais dereitos cidadáns de liberdade, seguridade, tranquilidade, salubridade e gozo dun medio axeitado e digno.

Capítulo 2º: Dos deberes dos habitantes do Barco de Valdeorras.

Artigo 5. – Todos os habitantes do Barco de Valdeorras están obrigados:

- a) A cumpriren as normas e os regulamentos ditados coas debidas formalidades polos órganos da Administración.
- b) A compareceren, por si ou mediante un representante debidamente acreditado, ante a autoridade municipal cando fosen emprazados para o cumprimento dalgún trámite ou deber persoalísimo.
- c) A comunicaren o seu domicilio e subministraren os datos estatísticos que lles fosen solicitados, e achegaren os documentos que lles fosen requiridos para cumprir expedientes municipais ou para atender requirimentos doutros órganos.
- d) A satisfaceren con puntualidade as exaccións municipais que lles afecten, impostos, prezos especiais, taxas, contribucións especiais e demais cargas na

forma e condicións previstas pola lexislación vixente.

e) A recibiren a prestación dos servizos municipais de carácter obrigatorio no municipio, na forma e cos requisitos que establecen as ordenanzas municipais ou os regulamentos reguladores do servizo.

f) A prestaren a necesaria colaboración para o cumprimento das normas cívicas e de convivencia cidadá.

g) A respectaren as normas de utilización das vías, dos espazos públicos e do medio natural, así como os bens e os servizos públicos, conforme ao destino que lles é propio.

h) A respectaren as normas cívicas e as regras de mutuo respecto, en interese da convivencia cidadá.

i) A respectaren todas as persoas no pacífico exercicio dos seus dereitos e convicións.

j) A evitaren actitudes, condutas ou expresións, individuais ou colectivas, que lle poidan afectar á dignidade das demais persoas, con especial atención no caso de menores, anciáns ou persoas afectadas por algún tipo de minusvalía.

Artigo 6. - O Concello, dentro dos límites das súas competencias e dos medios ao seu alcance, procurará atender e auxiliar as persoas desvalidas que, logo da acreditación das súas circunstancias, soliciten axuda de subsistencia ou sanitaria, xa se atopen no termo municipal de forma temporal ou permanente. Para tal efecto poderá concederse socorro a aqueles transeúntes que xustifiquen tal necesidade ao seu paso polo municipio.

TÍTULO TERCEIRO: DA POLICÍA DA VÍA PÚBLICA

Capítulo 1º: Disposicións xerais.

Artigo 7. - O servizo de vixilancia, información e seguridade das persoas e bens estalle encomendado á Policía Local, que actuará cumprindo as ordes e instrucións do servizo, así como tamén por iniciativa propia nos casos e na forma que establecen a normativa reguladora das súas funcións e especialmente para vixiar o cumprimento das leis, regulamentos e ordenanzas municipais.

Os axentes, por conduto dos seus xefes e para coñecemento da autoridade municipal, transmitiranlle á Alcaldía os partes detallados dos feitos en que interviñeran, así como da información que obtiveren ou que lles fose requirida polos servizos e as dependencias municipais para o cumprimento de trámites.

Artigo 8. - O Concello poderá nomear outro tipo de persoal que, sen pertencer ao equipo da Policía Local, poida realizar tarefas que non sexan da competencia exclusiva desta por non implicar exercicio de autoridade, tales como a supervisión de anomalías no viario, infraestrutura, servizos ou mobiliario urbano, ordenación dos accesos aos centros docentes, colaboración no desenvolvemento de celebracións ou de actividades privadas na vía pública, información cidadá, inspección de tributos ou urbanística, notificacións, información que afecte ao mantemento axeitado de bens e servizos municipais. O devandito persoal, baixo a

denominación de vixilantes do contorno, informadores municipais, notificadores, inspectores ou similares terá tamén encomendada a tarefa de informar sobre calquera incumprimento desta Ordenanza.

Artigo 9. - Prohíbese a actividade de control ou vixilancia particular do aparcamento de vehículos nas vías públicas e nos espazos públicos sen a autorización do Concello.

As persoas que realicen tarefas de axuda aos condutores con motivo da realización de obras ou de información sobre os espazos libres para o aparcamento na vía pública deberán acreditarse previamente ante o Concello para os efectos de control administrativo.

Artigo 10. - Todos os habitantes do municipio, como principais interesados no respecto aos bens e servizos públicos e na súa utilización de forma acorde coa súa natureza, deberán colaborar coas autoridades municipais denunciando as infraccións da presente Ordenanza.

Artigo 11. - Prohíbese alterar a orde e a tranquilidade pública con rifas, escándalos, berros ou ruídos que excedan do límite de tolerancia establecidos na normativa reguladora. Inclúense dentro desta prohibición os ruídos producidos nas vivendas e nos locais ou na vía pública, ou perceptibles dende ela, derivados de calquera actividade ou traballo que se realice, ou polo uso de elementos mecánicos ou maquinaria de todo tipo, circulación de vehículos, motocicletas ou ciclomotores, instrumentos musicais e aparatos reprodutores de son, mesmo os situados en vehículos estacionados ou en marcha dotados de equipos musicais ou con sistemas de megafonía de calquera clase. As excepcións por razón de festas, bailes e festexos populares, serán autorizadas, no seu caso, pola Alcaldía logo dunha petición por escrito dos interesados.

Así mesmo queda prohibido molestar os veciños con emanacións de fumes, olores e gases prexudiciais ou simplemente molestos.

As infraccións que se produzan nesta materia consideraranse leves, graves ou moi graves, segundo a incidencia que produzan de conformidade cos artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. As infraccións sancionaranse segundo a súa clasificación do seguinte modo: infraccións moi graves: multa de 1501 a 3.000 euros; infraccións graves: multa de 751 a 1500 euros; e infraccións leves: multa de 100 a 750 euros.

Sen prexuízo da sanción que puidese corresponder, caso de reincidencia poderase efectuar o precinto ou comiso dos elementos causantes das molestias, en tanto o infractor ofrece as garantías ou os compromisos que aseguren que se porán os medios precisos para que os feitos denunciados non se volvan repetir.

Artigo 12. - Considerarase vía pública para os efectos de aplicación deste título,

calquera espazo urbanizado de uso común e pública concorrencia do termo municipal, tales como as estradas, as travesías, os camiños, as avenidas, as rúas, as prazas, os parques, os xardíns, e outros análogos do termo municipal.

Esténdese a aplicación do concepto anterior ás pasaxes particulares, plataformas ferroviarias ou doutros transportes públicos e vehículos públicos de superficie, e tamén aos espazos cubertos do termo municipal con servidume de paso de persoas e vehículos.

Igualmente consideraranse vía pública aqueloutros espazos, construcións, instalacións, vehículos ou elementos que estean destinados a un uso ou a un servizo público de titularidade da Administración ou de calquera outra entidade ou empresa, pública ou privada, como vehículos de transporte; marquesiñas, paradas de autobuses, de ferrocarril, ou de autocar.

Por último tamén no tratamento desta materia se asimilarán á vía pública, para os efectos desta Ordenanza, os espazos, as construcións, as instalacións e mailos bens de titularidade privada cando dende eles se poidan realizar actividades que lles afecten de xeito negativo aos/ás cidadáns/ás ou aos espazos, ás instalacións e aos elementos sinalados nos apartados anteriores, ben con motivo do seu uso, ou por descoido ou pola falta de axeitado mantemento destes por parte dos seus propietarios, arrendatarios ou usuarios.

Capítulo 2º: Rotulación e numeración

Artigo 13. - Todos os edificios situados en vías urbanas deberán mostrar a placa indicadora do número que lles corresponda e os localizados na confluencia de vías urbanas quedarán suxeitos á servidume de rotulado das rúas e os seus ocupantes deixarán libre de impedimentos a perfecta visibilidade daquelas.

Artigo 14. - Os propietarios de terreos ou inmobles están obrigados a permitiren a instalación nas fachadas, nos enreixados ou nos valos da súa propiedade, tanto de rótulos de denominación da vía como de sinais de circulación ou informativas, de elementos de iluminación pública, de telefonía, de gas, de electricidade ou de calquera outras instalacións de servizo público, a respectaren a súa permanencia, a repoñelos ao seu cargo nas mesmas condicións caso de execución de obras particulares que lles afecten, e logo dos correspondentes permisos e da licenza municipal coa constitución dunha fianza abonda, así como a facilitaren as tarefas que for preciso realizar para o seu mantemento ou substitución.

Esta obriga é de interese xeral, aféctalles a todas as propiedades do termo municipal e é gratuíta dado que non supón limitación ningunha do seu uso ou gozo, sen prexuízo da súa notificación previa cando proceda. O seu incumprimento considérase unha infracción leve sancionable cunha multa de 300 euros.

Artigo 15. - Os promotores das actuacións urbanísticas que dean lugar á apertura

de rúas están obrigados a efectuar á súa conta a rotulación e a numeración dos seus inmobles na forma que o Concello determine e con suxeición aos mesmos criterios estéticos de rotulación do viario do resto do municipio.

Igualmente, os propietarios dos inmobles están obrigados a colocar ou manter a numeración identificativa de cada inmovible e á súa substitución cando se modifique a súa orde. Se non se cumprixe a indicada obriga, o Concello efectuará a colocación e os gastos correrán a conta do promotor ou do propietario do edificio, independentemente da sanción que puidese corresponder polo incumprimento da Ordenanza.

Artigo 16. - A execución de obras necesarias para a perfecta conservación dos elementos estruturais e ornamentais dos espazos públicos é competencia do Concello. No entanto, as obras de conservación e mantemento das zonas comúns de Urbanizacións privadas ou non recibidas polo Concello, serán exclusivamente a cargo dos seus propietarios ou promotores.

Artículo 17. - Correspóndelles igualmente aos propietarios inmobiliarios a execución das obras de conservación, de reparación e de ornato público das fachadas dos seus inmobles, dos accesos, das pasaxes e dos cerramentos, así como a construción, a reparación e a limpeza das beirarrúas que os limitan, coas características e logo das autorizacións preceptivas.

Capítulo 3º: Animais domésticos

Artigo 18. - A tenza e posesión de animais de compañía en domicilios particulares e en zonas residenciais acomodarse ao previsto nas normas regulamentarias e ordenanzas municipais, e será autorizable sempre que polo seu número ou as súas características non provoquen no contorno molestias, perigo ou afeccións á hixiene e á salubridade ambiental.

Artigo 19. - O Concello procurará dispoñer dun servizo de eliminación de animais domésticos mortos, que deberán ser entregados no lugar que se determine. O referido servizo abonarao o usuario conforme ao previsto na Ordenanza municipal de aplicación.

Capítulo 4º: Limpeza da vía pública e recollida de residuos

Artigo 20. - O Concello terá establecido un servizo municipal encargado da limpeza dos espazos públicos, sen prexuízo da obriga dos/das veciños/as de adoptar as medidas precisas para non orixinar sucidade nela así como eliminar a que causen, voluntaria ou involuntariamente.

Artigo 21. - A limpeza pública practicarase dentro do horario e da programación establecida polo Concello e cos medios manuais, técnicos e vehículos axeitados para iso.

Artigo 22. - Os residuos domésticos, orgánicos ou degradables e non líquidos serán depositados en bolsas hermeticamente pechadas que introducirá o usuario dentro do colector máis próximo ao seu domicilio e en todo caso a partir das 20.00 horas. De estar o colector totalmente saturado depositaranse no colector máis próximo.

Os demais residuos non degradables, tales como o cristal, os plásticos, os papeis e cartóns, depositaranse nos colectores especificamente destinados a cada material.

Está prohibido o desprazamento dos colectores do lugar asignado pola Administración municipal

Sempre que se lle esixa ao concesionario no oportuno prego de condicións o servizo municipal incluírá igualmente a recollida de animais mortos na vía pública, de mobles e de útiles e maila retirada dos cascotes de obras menores domiciliarias.

O servizo municipal non comprenderá en ningún caso a reiterada dos residuos producidos polas seguintes actividades: industriais non asimilables a residuos sólidos urbanos; de construción que excedan das menores domiciliarias; agrícolas e gandeiras; os que deban ser depositados en vertedoiros especiais; residuos hospitalarios bioperigosos.

Queda terminantemente prohibido botar residuos, aceites, graxas, produtos inflamables e análogos á vía pública ou á rede municipal de saneamento a través da rede de sumidoiros, polo que deberán ser entregados para a súa reciclaxe.

Artigo 23. - O cumprimento da obriga de respectar estas normas de limpeza e hixiene, que leva consigo a de manter limpas as beirarrúas existentes nas fachadas dos edificios, os terreos edificables e obras, as zonas comúns das urbanizacións, as vías privadas, os terreos edificables e mailas zonas axardinadas destes, esixirase na forma seguinte:

- a) Vivendas, terreos edificables e urbanizacións: o propietario ou propietarios, solidariamente. Nas vivendas constituídas en réxime de propiedade horizontal, o presidente da comunidade ou a persoa representativa desta. Nas urbanizacións, o presidente da entidade urbanística de conservación ou da comunidade de propietarios e onde esta non exista, os propietarios solidariamente.
- b) Nos edificios industriais, o seu titular ou o seu representante legal.
- c) Nos edificios públicos, nos centros de Ensino, culturais, sanitarios, deportivos, administrativos, relixiosos, etc., o titular do seu órgano directivo.
- d) Nos edificios en construción, o promotor e o contratista, solidariamente.

Artigo 24. - Os titulares de inmobles ou de actividades en cuxo interese ou servizo se realicen obras ou operacións de transporte, de carga e descarga, así como as empresas ou persoas físicas que realicen as devanditas operacións, deberán

limpar sen necesidade de requirimento previo, e cantas veces sexa necesario, a sucidade ou as verteduras que ocasionasen tanto nas beirarrúas coma na vía pública.

O Concello, logo do requirimento ao responsable da obriga anterior, poderá realizar as tarefas de limpeza con cargo a este, sen prexuízo das sancións que polo incumprimento lle puidesen ser impostas, segundo a gravidade da infracción. En todo caso, na execución destas actividades cumprírase o disposto na Ordenanza municipal de tráfico e os horarios e espazos de carga e descarga fixados polas normas ou polo Concello.

Artigo 25. - Os titulares de establecementos comerciais de todo tipo e en particular os que se dedican á venda de artigos, sexan alimenticios ou doutro tipo, que producen residuos ou sucidade ou estean provistos de envoltorios, tales como os postos ambulantes e quioscos, e en xeral os responsables de calquera actividade que lle afecte á vía pública, quedan obrigados, nos termos sinalados polo Concello, a instalar á súa conta papeleiras ou recipientes apropiados nun sitio visible da actividade e do seu ámbito, co obxecto de que se manteña sempre a limpeza e non se bote lixo á vía pública.

Artigo 26. - Os propietarios de terreos e parcelas edificables deberán dedicalos ao uso que lles é propio a teor do plan urbanístico e, entrementes, quedan obrigados a mantelos limpos de maleza, co fin de evitar o risco de incendio, así como de lixos de todo tipo, e debidamente valados na forma e coas características previstas nas ordenanzas de aplicación. Así mesmo deberán realizar as operacións fitosanitarias, de desratización e de desinfección que sexan necesarias para garantir unha axeitada salubridade nestes.

Igualmente e de tratarse de zonas verdes estas deberán estar sempre en estado axeitado de limpeza e libres de maleza e debidamente podadas para evitar infeccións, pragas, enfermidades, risco de incendio ou caída de pólas.

O Concello, logo do requirimento ao propietario incumpridor, poderá adoptar as medidas precisas para a observancia desta obriga con cargo ao propietario e sen prexuízo das sancións e demais medidas que procedan.

Artigo 27. - Queda expresamente prohibido efectuar na vía pública e nos espazos de uso común, públicos ou privados, os seguintes actos:

a) Lanzar, verter ou depositar lixo, augas, líquidos, terras, entullos, detritos, botellas ou recipientes doutro tipo, así como papeis ou desperdicios de calquera clase, tanto nos espazos públicos ou comunitarios como nos privados.

b) Efectuar pintadas, escritos, inscricións e grafismos ou a colocación de publicidade no mobiliario urbano, nas fachadas dos edificios, nas paredes, nos muros, nos cerramentos de terreos edificables e, en xeral, en calquera espazo do termo municipal visible dende a vía pública incluídas as calzadas, as beirarrúas,

as árbores, os valos permanentes ou provisionais, os farois e mailas sinais, as instalacións en xeral e os vehículos municipais, sen contar coa preceptiva autorización municipal por escrito. Responderán disto os autores e, solidariamente, os beneficiarios ou organizadores da actividade publicitaria. A autorización, no seu caso, levará consigo a obriga do interesado para eliminar á súa conta o elemento autorizado no prazo que se lle indique.

c) Cuspir ou realizar as necesidades fisiolóxicas.

d) Lavar ou baldear vehículos e realizar operacións de reparación ou de cambio de aceite ou de pezas do vehículo na vía pública, agás cando se trate dunha emerxencia ou dun accidente.

e) Abandonar animais, vivos ou mortos tanto no lixo domiciliario coma en calquera clase de terreo, sumidoiro, así como enterralos ou inhualos na propiedade pública.

f) Luxar os espazos públicos ou comunitarios, as beirarrúas, as calzadas, os parques e os xardíns, etc., con detrito producido por animais domésticos, polo que os donos quedan obrigados á súa retirada, sen prexuízo da sanción que lles puidese corresponder.

g) Botar calquera tipo de despoxos ou materia orgánica.

h) Acender ou manter acendidas fogueiras, grellas ou lumes de calquera clase en espazos públicos ou comunitarios, en terreos edificables e en lugares análogos aos anteriores, así como o aproveitamento e utilización destes.

i) Circularen os camións ou os vehículos de transporte de sementes, de áridos, de entullos, de materiais de construción, de elementos soltos ou de mercadorías similares sen a debida protección da mercadoría mediante unha malla ou un sistema similar de cubrición que evite a súa caída á vía pública.

j) Calquera outras actuacións similares ou non que vaian en detrimento da conservación, da sanidade, da limpeza e mais do ornato públicos.

Sen prexuízo das sancións que procedan, os servizos municipais executarán as actividades precisas para emendar as perturbacións ocasionadas, e pasaránlles o cargo aos seus causantes. Unha vez iniciada a execución substitutoria, sen máis formalidades que a comprobación do incumprimento da Ordenanza, esta só se interromperá se manifestar a persoa obrigada a isto a súa intención de realizar de inmediato a prestación incumplida, e en tal caso pasarase o cargo polas tarefas efectuadas polo Concello até ese momento.

Artigo 28: Igualmente queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcólicas nos espazos públicos cando:

- a) Poida causarlles molestias ás persoas que utilizan o espazo público e á veciñanza.
- b) Se faga en envases de cristal ou de lata.

A prohibición á que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas alcólicas teña lugar en establecementos e noutros espazos reservados expresamente para aquela finalidade, como terrazas e veladores, e cando o devandito consumo conte coa oportuna autorización que as autoridades competentes poden outorgar, en casos puntuais.

Queda especialmente prohibido o consumo de bebidas alcólicas cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá. Para estes efectos, a antedita alteración prodúcese cando concorra algunhas das circunstancias seguintes:

- a) Cando, pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo poida facerse de forma masiva por grupos de cidadáns ou cidadás ou invite á aglomeración destes.
- b) Cando, como resultado da acción do consumo, se poida deteriorar a tranquilidade do contorno ou provocar nel situacións de insalubridade.
- c) Cando o consumo se exteriorice nunha forma denigrante para os viandantes ou demais usuarios/as dos espazos públicos.
- d) Cando os lugares en que se consuma se caractericen pola afluencia de menores ou a presenza de nenos e nenas e adolescentes.

Os organizadores de calquera acto público de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan durante a súa celebración as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos se realizan aquelas condutas, os organizadores comunicaránllelo inmediatamente aos axentes da autoridade.

Todo recipiente de bebida debe ser depositado nos colectores correspondentes e, de ser o caso, nas papeleiras situadas no espazo público. Queda prohibido tirar ao chan ou depositar na vía pública recipientes de bebidas como latas, botellas, vasos, ou calquera outro obxecto.

Artigo 29. - Queda prohibido sacudir alfombras, tapices, esteiras, sabas e demais roupa de uso doméstico nas portas, nos balcóns e nas ventás que miren á vía pública. Non se poderán regar as plantas colocadas nos balcóns das vivendas con fachada á vía pública antes das doce da noite e despois das sete da mañá en verán, e antes das once da noite e despois das oito da mañá en inverno. Tamén se prohibe expresamente o tendido de roupa e outros obxectos nas fachadas dos edificios de cara á vía pública.

A instalación de aparatos de aire acondicionado ou de elementos de climatización rexerese polo disposto na normativa de aplicación e no vixente Plan xeral do Barco de Valdeorras. Así mesmo, a instalación de toldos e marquesiñas rexerese

tamén polo disposto no Plan xeral de ordenación urbana do Barco de Valdeorras.

Artigo 30. - As macetas e as xardineiras dos balcóns e das ventás colocaranse de maneira que a súa vertical caia sempre dentro do balcón ou descanse sobre a anchura da ventá e serán suxeitadas ou protexidas para evitar que poidan caer á vía pública, en especial en casos de ventos ou chuva fortes.

Artigo 31. - A realización de condutas prohibidas neste capítulo cualificaranse conforme ao que establecen os artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985 do 2 de abril, e sancionaranse con multas de 100 a 750 euros as infraccións leves, de 751 a 1500 euros as graves, e de 1501 a 3000 euros as moi graves. No caso de que os infractores sexan menores de idade estarase segundo o disposto no artigo correspondente da presente ordenanza.

Capítulo 5º: Uso especial da vía pública

Artigo 32. - O acceso dos vehículos a inmobles a través das beirarrúas poderá efectuarse mediante ramplas ou pasaxes suxeitas ás normas de construción regulamentarias e debidamente autorizadas, logo dos informes dos servizos municipais. A autorización para executar este tipo de obras queda sometida ao interese público, polo que quedará sen efecto, e sen dereito a indemnización ningunha, cando o Concello o requira, sendo por conta do beneficiario os gastos precisos para restablecer a beirarrúa ao seu estado normal.

Para a concesión da autorización será necesario que os edificios ou vivendas onde se sitúen os vehículos contén con licenza de primeira ocupación, de ser de recente construción, e con licenza de actividade ou de instalación no tocante ás actividades mercantís, industriais, comerciais ou de servizos, en que se comprenda a reserva de espazo para os vehículos.

Unha vez concedida a licenza, o/a interesado/a adquirirá e colocará, de forma clara, visible e fixa na porta do espazo reservado o sinal identificativo regulamentario e a placa acreditativa da autorización municipal, axustada ao modelo aprobado polo Concello. A Policía Local terá no seu poder unha listaxe actualizada dos/das titulares de pasaxe permanente e denunciará os/as que usurpen tales espazos reservados, mesmo coa retirada do vehículo infractor.

Será obrigatoria a devolución das placas de pasaxe permanente por parte daqueles titulares que deixasen de aboar a taxa fiscal correspondente ou que fagan un uso desta que non se adecúe á súa finalidade esencial.

Artigo 33. - As obras necesarias para acondicionar as beirarrúas para facilitar a entrada de vehículos, o rebaixado de beirarrúas, a colocación de fitos de protección, morróns e similares, así como para efectuar acometidas de auga e rede de sumidoiros realizaranse sempre por operarios municipais ou por unha empresa debidamente autorizada polo Concello, logo da solicitude do interesado, a obtención da preceptiva licenza municipal e o aboamento dos custos da obra e

das exaccións municipais por parte do interesado así como, se é o caso, logo de constituír a fianza.

Artigo 34. - As persoas que incumpran o previsto nos artigos anteriores deste capítulo serán sancionadas con multas de 751 a 1.500 euros, e considerárase como unha infracción grave.

Capítulo 6º: Publicidade na vía pública

Artigo 35. - A publicidade realizada na vía pública axustarase ao disposto na súa ordenanza específica ou na normativa urbanística e no vixente Plan xeral de ordenación urbana do Barco de Valdeorras. En todo caso requirirá a autorización municipal previa.

Capítulo 7º: Ocupación da vía pública con postos ou quioscos e venda ambulante

Artigo 36. - Toda ocupación da vía pública, sexa de carácter permanente ou temporal, requirirá a licenza previa e o pagamento das taxas establecidas nas ordenanzas fiscais.

Artigo 37. - A adxudicación de espazos para o uso privativo da vía pública con destino á instalación de quioscos fixos de utilización permanente, requirirá a tramitación prevista en materia de concesións administrativas sobre o dominio público, ao réxime do cal se acomodará o seu uso, así como ao previsto nas ordenanzas e nos pregos municipais.

Nos quioscos fixos así como nos postos non permanentes que eventualmente se poidan autorizar na vía pública unicamente estará permitida a venda de prensa e revistas, lambetadas, xeados, doces e bebidas refrescantes. A venda de produtos derivados do tabaco nestes establecementos regularase polo disposto na normativa de aplicación.

A concesión de espazo para actividades privativas na vía pública poderá ser revogada polo Concello cando o considere necesario por calquera motivo, polo que o concesionario quedará obrigado a cesar na actividade e deixar libre e restaurado o espazo ocupado, sen que iso xere dereito a indemnización ningunha.

Artigo 38. - As ocupacións da vía pública ou dos espazos de uso público con mesas, cadeiras, carteis publicitarios de calquera tipo, macetas, postos ou outros análogos, precisará da autorización municipal, que se outorgará conforme ás disposicións da ordenanza específica reguladora, fixándose na preceptiva licenza -que deberá colocarse nun lugar visible do espazo ocupado- o espazo concreto do cal se autoriza a ocupación cun plano incorporado, o prazo de duración da ocupación e o número máximo de elementos para instalar. En ningún caso estas

ocupación suporán o dereito adquirido ao seu mantemento, nin poderán dificultar o tránsito das persoas ou dos vehículos nin causar molestias á veciñanza.

Baixo ningún concepto se permitirá o uso de aparatos de megafonía ou calquera outros elementos produtores de ruídos ou molestias á veciñanza nas zonas de veladores, cando estes estean situados na vía pública.

As taxas polo establecemento de veladores na vía pública rexeranse polo disposto na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 39. - Queda prohibida a venda directa ambulante, na vía pública ou nos espazos públicos, de produtos perecedeiros ou bebidas. Así mesmo, prohíbese a colocación na vía pública de mercadorías procedentes de establecementos autorizados. Esta prohibición esténdese ademais aos elementos para mostrarlle esta ao público, tales como vitrinas, estantes ou similares salvo que se conte coa autorización á que se refire o artigo anterior.

Baixo ningún concepto se poderá obstaculizar o libre tránsito de peóns e/ou vehículos con elementos de calquera clase colocados na vía pública.

Artigo 40. - A infracción do disposto neste capítulo, á parte das demais medidas que procedan, sancionarase de acordo coa cualificación que corresponda á infracción cometida, conforme aos límites que preveñen os artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985. As sancións para impoñer serán de 100 a 750 euros, caso de infracción leve; de 751 a 1500 euros, caso de infracción grave e de 1501 a 3000 euros, caso de infracción moi grave.

Artigo 41. - Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, sen prexuízo da sanción que puidese corresponder, os Axentes da Policía Local realizarán a retirada dos elementos que causen as infraccións así como o comiso das mercadorías postas á venda, sen aboamento de indemnización ningunha. As mercadorías comisadas serán destruídas ou entregadas a establecementos benéficos do municipio para o seu consumo, logo da comprobación da súa aptitude.

Capítulo 8º: Do tránsito pola vía pública con elementos ofensivos ou perigosos.

Artigo 42. - A circulación pola vía pública portando armas de fogo, armas brancas ou calquera outra arma ofensiva, acomodarse ao disposto nas normas de aplicación.

Artigo 43. - Quen con ocasión de calquera dilixencia policial sexan sorprendidos portando armas de fogo, de gas ou de aire comprimido ou similares, sexan cales foren os proxectís que utilicen, deberán acreditar estar en posesión da documentación preceptiva e, no seu caso, da pertinente licenza municipal.

A infracción desta norma será considerada como unha infracción grave e sancionada cunha multa de 751 a 1500 euros. Ademais, ao infractor seralle retirada a arma, que quedará depositada nas dependencias da Policía Local, onde permanecerá durante un período máximo de dous meses dentro do cal o seu propietario poderá recuperala presentando a correspondente licenza e acreditando o pagamento da multa. Unha vez transcorrido o devandito período destruírase a arma intervida.

A utilización de armas ofensivas, calquera que sexa a súa natureza, na vía pública ou en espazos públicos, queda terminantemente prohibida e será sancionada como infracción moi grave, agás cando se xustifique que esta se produciu en lexítima defensa e así o ditaminasen os Tribunais.

Considerarase unha infracción grave circular pola vía pública portando armas, aínda posuíndo a oportuna autorización, cando estas se leven fóra das súas fundas ou caixas, e sancionarase cunha multa de 1500 euros.

As persoas que sexan sorprendidas disparando contra especies protexidas serán sancionadas conforme se establece na normativa correspondente.

Artigos 44: Queda igualmente prohibido portar mechas acendidas, petardos e toda clase de produtos pirotécnicos que poidan producir ruídos ou incendios salvo que se conte cunha autorización expresa expedida pola Autoridade municipal. A infracción desta norma, será considerada como infracción grave e sancionada cunha multa de 751 a 1500 euros.

Capítulo 9º: Do uso impropio e indebido da vía pública.

Artigo 45. - Queda prohibido facer uso da vía pública de maneira que se limite ou impida a súa utilización polo resto dos/as usuarios/as, sen a correspondente licenza municipal.

Artigo 46. - En particular prohíbense as seguintes condutas na vía pública ou nos espazos públicos:

a) Acampar na vía pública. Enténdese por acampar na vía pública a privatización dunha parte desta con instalación de elementos de calquera natureza que denoten aloxamento, ou tendas de campaña, autocaravanas ou caravanas ou vehículos que se usen como residencia temporal ou permanente do seu ocupante.

b) Lavarse, bañarse ou introducirse en fontes públicas, en estanques ou noutros análogos, así como lavar roupa ou aparellos ou utilizar a auga das devanditas instalacións para usos particulares.

c) Acceder a espazos reservados en parques e xardíns públicos, ou causar danos nas súas dependencias, no mobiliario, nos servizos ou na xardinaría e no arboredo, así como en estatuas ou nos elementos decorativos existentes nestes.

Así mesmo, prohibese tallar, romper e acanear as árbores, cortar gallas e follas, gravar ou raspar a súa codia.

Os/as usuarios/as dos xardíns e dos parques do municipio deberán respectar as plantas e as instalacións complementarias, evitar toda clase de danos e sucidades e atender as indicacións contidas nos letreiros e avisos e as que poidan formular os vixilantes dos recintos ou os axentes da Policía Local.

d) Realizar actividades ou xogos nos espazos públicos que, polas características destes ou do material empregado, poidan molestarlles aos/ás demais usuarios/as dos espazos públicos ou causar danos.

f) O pastoreo de ovellas, galiñas, cabras, etc.

g) Impedir ou dificultar deliberadamente o normal tránsito peonil ou dos vehículos polos paseos e polas beirarrúas e calzadas daquelas, salvo que se dispoña da autorización pertinente.

Artigo 47. - A realización de condutas prohibidas neste artigo cualificarase conforme ao que establecen os artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985 do 2 de abril, e sancionaranse con multas de 100 a 750 euros as infraccións leves; de 751 a 1500 euros as graves; e de 1501 a 3000 euros as moi graves.

Artigo 48. - Considerarase un uso indebido da vía pública a ocupación de espazos desta con actividades de publicidade ou de venda, e en especial o estacionamento permanente ou asiduo de vehículos, particulares ou de empresas, anunciando a súa venda.

Os axentes da autoridade levarán a cabo a localización do infractor e requirirano para que cese a súa actividade ou, de ser o caso, faga a retirada do vehículo nun prazo de 24 horas.

Logo de transcorrer o prazo reflectido no apartado anterior, caso de incumprimento retirase o vehículo da vía pública e farase o seu traslado ao depósito municipal, coa imposición ao propietario unha multa de 300 euros, sen prexuízo do pagamento das taxas polo servizo do guindastre municipal e do depósito do vehículo. Seguirase neste caso o mesmo trámite previsto para o caso de abandono de vehículos.

Capítulo 10º: Dos actos vandálicos no uso do mobiliario urbano.

Artigo 49. - Serán debidamente sancionadas as condutas individuais ou colectivas que impliquen danos, mal uso ou deterioración dos bens que integran o mobiliario urbano.

Artigo 50. - Os organizadores de todo tipo de manifestacións, marchas ou actividades sociais, culturais, deportivas, festivas e análogas na vía pública quedan obrigados a cumpriren as normas reguladoras do dereito de manifestación e, no seu caso, a obterem a licenza previa e dispoñeren un servizo de orde.

Os organizadores de actos públicos, culturais, festivos, ou de calquera outra índole, serán responsables de velar polo cumprimento das normas da presente Ordenanza así como do debido respecto e bo uso dos espazos públicos, e para tal efecto velarán para que non se produzan condutas prohibidas durante a súa celebración e informarán de xeito inmediato a Policía Nacional ou Local caso de que detectasen algunha vulneración das presentes Ordenanzas.

Artigo 51. - As accións prohibidas nos dous artigos anteriores cualificarán conforme ao que establecen os artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985 do 2 de abril, e sancionaranse con multas de 100 a 750 euros as infraccións leves; de 751 a 1500 euros as graves; e de 1501 euros a 3000 euros as moi graves.

Capítulo 11º: Dos actos de mendicidade e a prestación de determinados servizos na vía pública.

Artigo 52. - Prohíbese expresamente a realización das seguintes actividades:

1. As condutas que, baixo a aparencia de mendicidade ou baixo formas organizadas, representen actitudes coactivas ou de acoso, ou obstaculicen, dificulten ou impidan, con intención ou sen ela, o libre tránsito das persoas e dos vehículos polos espazos públicos.
2. O ofrecemento de calquera venda ou prestación de servizo ás persoas que transiten ou se atopen no interior de vehículos privados ou públicos, tales como a limpeza dos parabrisas dos automóviles detidos nos semáforos ou na vía pública así como o ofrecemento ou a venda de calquera obxecto ou mercadoría.
3. A mendicidade, especialmente a exercida por menores ou a que se realice, directa ou indirectamente, intervindo menores ou persoas con minusvalías, sen prexuízo do previsto no artigo 232 do Código Penal.

Artigo 53. - Os actos descritos no apartado 1 do artigo anterior serán cualificados como infraccións leves e sancionaranse cunha multa de 100 euros, salvo que poidan ser cualificados como unha falta grave ou moi grave conforme aos criterios do artigo 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Os actos salientados no apartado 2 do artigo anterior terán a consideración de infraccións leves e serán sancionados cunha multa de 100 euros.

Se a mendicidade é exercida por menores ou minusválidos/as, a Policía Local lles comunicará o procedente aos Servizos Sociais do Concello co obxecto de prestar a axuda que for posible, sen prexuízo de adoptar o resto das medidas que prevé, se é o caso, o ordenamento xurídico. Considerarase, en todo caso, unha infracción moi grave, e será sancionada coa multa de 1.501 a 3.000 euros, que se

lles imporará aos pais ou tutores dos menores.

Artigo 54. - Será obrigatoria a obtención da licenza de obras antes de executar calquera acto de construción ou edificación, de instalación e uso do solo, subsolo e voo, sexa temporal ou permanente, incluíndo a instalación de carteis visibles dende a vía pública e as cortas de masas arbóreas e de vexetación arbustiva, así como de árbores illadas. A solicitude e a tramitación acomodaranse aos requisitos establecidos nas normas urbanísticas.

A autorización municipal é obrigatoria en todo caso, con independencia de calquera outras autorizacións, licenzas ou permisos que foren precisos e con independencia da cualificación do solo en que se pretenda actuar.

TÍTULO CUARTO: POLICÍA DA VÍA PÚBLICA, EDIFICIOS, CONSTRUCCIÓN E TERREOS EDIFICABLES

Artigo 55. - Será obrigatorio obter a preceptiva licenza municipal para a realización de actividades temporais ou permanentes que comporten a ocupación da vía pública, das beirarrúas ou dos espazos públicos tales como a colocación de caixóns de obras, de colectores ou cubas, de elementos publicitarios, a instalación de aparatos, a execución de obras, as instalacións de hostalaría, a celebración de festas e verbenas, a realización de exposicións, as demostracións ou desfiles de calquera tipo e, en xeral, calquera restrición que impida ou dificulte o uso común que lles é propio.

Toda ocupación da vía pública ou dos espazos públicos debe incorporar a sinalización axeitada diúrna e nocturna; á entrada das vías ou dos espazos onde se limite ou se impida o tráfico, deberán instalarse por conta do interesado as indicacións advertindo das restricións e sinalando direccións alternativas.

Queda terminantemente prohibida a colocación de valos ou de prohibicións á circulación viaria sen a obtención previa da licenza municipal, que deberá colocarse nun lugar visible da ocupación, coa especificación da data da licenza, a duración da ocupación, o nome do/da titular autorizado e, de ser o caso, a empresa que realiza a obra coa indicación do seu enderezo e o teléfono.

Artigo 56. - O colector ou a cuba que ocupe a vía pública deberá reunir os requisitos de seguridade para a súa situación na vía pública, ocupar un lugar en que non obstaculice a vía pública nin o tránsito dos peóns ou dos vehículos e estar convenientemente sinalizado de maneira que se ocupan unha parte da calzada deberán protexerse cun valo e cos sinais de tráfico indicativos da existencia dunha obra.

Artigo 57. - Queda expresamente prohibido o peche da vía pública ou dos espazos públicos para realizar calquera obra, labores de derrubamento, de cimentación, de vertido de formigón, etc.... sen contar coa correspondente licenza municipal e o permiso da Policía Local. As persoas que necesiten cortar unha rúa

para a realización deste tipo de actividades deberán solicitar a licenza, que informará preceptivamente a Policía Local, e que indicará as condicións, o día e a hora en que as anteriores actividades se poderán realizar tendo en conta a menor incidencia do corte no tráfico rodado e peonil.

Unha vez outorgada a licenza, a Policía Local entregará ao interesado unha licenza, que deberá colocar no valo que se use para realizar o corte, en que se indicará o nome do titular, os días e as horas autorizados para realizar os cortes das rúas. A devandita licenza deberá estar visible e a disposición da autoridade que a requira en calquera momento.

Artigo 58. - A infracción do disposto neste título sancionarase de acordo coa cualificación que lle corresponda á infracción cometida, conforme aos límites que preveñen os artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985. As sancións para impoñer serán de 100 a 750 euros, caso de infracción leve; de 751 a 1500 euros, caso de infracción grave; e de 1501 a 3000 euros, caso de infracción moi grave.

Artigo 59. - A responsabilidade pola infracción dos artigos anteriores recaerá nas seguintes persoas:

1. A persoa física ou xurídica beneficiaria da ocupación ou da actividade.
2. A empresa baixo a responsabilidade da cal xiren estas.
3. O persoal que estea a dirixir ou, de ser o caso, realizando a actividade ou a ocupación no momento da denuncia.

TÍTULO QUINTO: DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Capítulo 1º: Disposicións xerais

Artigo 60. - Mediante un decreto da Alcaldía poderán desenvolverse os aspectos orgánicos e técnicos que requira a aplicación da ordenanza.

Artigo 61. -1. Considéranse infraccións do deber de colaboración que require o cumprimento da presente Ordenanza as seguintes:

- a) A negativa ou a resistencia ás tarefas de inspección ou control do Concello.
- b) A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polos funcionarios actuantes en cumprimento das súas funcións.
- c) Subministrarlles aos funcionarios actuantes, en cumprimento dos seus labores de inspección, de control ou de sanción, información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro de xeito explícito ou implícito.
- d) O incumprimento das ordes ou dos requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes.

2. - Sen prexuízo doutras sancións que puidesen corresponder conforme á lexislación penal e sectorial, as condutas descritas no apartado anterior son constitutivas de infracción grave, que será sancionada cunha multa de 751 a 1500

euros.

Artigo 62. - Elementos probatorios dos axentes da autoridade.

1. Nos procedementos sancionadores que se instrúan en aplicación desta Ordenanza, os feitos constatados polos axentes da autoridade teñen valor probatorio, de acordo coa normativa aplicable para o efecto, sen prexuízo doutras probas que poidan achegar os/as interesados/as.

2. Nos expedientes sancionadores que se instrúan, e cos requisitos que correspondan consonte a lexislación vixente, poderanse incorporar imaxes dos feitos denunciados, sexa en fotografía, en filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos, que permitan acreditar os feitos recollidos na denuncia formulada de acordo coa normativa aplicable. En todo caso, a utilización de videocámaras requirirá, se procede, as autorizacións previstas na lexislación aplicable, así como o seu uso de acordo co principio de proporcionalidade.

Artigo 63. - As persoas denunciadas non residentes no termo municipal do Barco de Valdeorras deberán comunicar e acreditarlle ao axente da autoridade denunciante, para os efectos de notificación, a súa identificación persoal e o domicilio habitual, e, de proceder, o seu enderezo accidental no Barco de Valdeorras. Os axentes da autoridade poderán comprobar en todo momento se o enderezo proporcionado pola persoa infractora é o correcto.

Caso de que a identificación do infractor non fose posible ou o domicilio facilitado non fose correcto, os axentes da autoridade efectuarán a identificación conforme ás normas de aplicación.

Artigo 64. - Responsabilidade por condutas contrarias á Ordenanza cometidas por menores de idade

Os pais e nais ou titores e titoras, ou gardadores e gardadoras, serán responsables civís subsidiarios dos danos producidos polas infraccións cometidas polos menores de idade que dependan deles.

Así mesmo, naqueles casos en que se prevexa expresamente nesta Ordenanza, os pais e nais ou titores e titoras, ou gardadores e gardadoras, serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa banda, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

En todos os casos, e especialmente cando as persoas infractoras sexan menores coa finalidade de protexer os dereitos do/da neno/a ou adolescente, o seu desenvolvemento e formación, poderanse substituír as sancións pecuniarias por medidas correctoras, como a asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse de xeito motivado en función do tipo de infracción, e serán

proporcionadas á sanción que reciba a conduta infractora. Para este efecto, caso dos menores solicitarase a opinión dos pais ou das nais ou titores ou titoras, ou gardadores ou gardadoras, que non será vinculante.

Capítulo 2º: Réxime sancionador

Artigo 65. - Graduación das sancións

1. A imposición das sancións previstas nesta Ordenanza guiarase pola aplicación do principio de proporcionalidade e, en todo caso, teranse en conta os criterios de graduación seguintes:

- a) A gravidade da infracción.
- b) A existencia de intencionalidade.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia.
- e) A reiteración.
- f) A capacidade económica da persoa infractora.
- g) A natureza dos bens ou produtos ofrecidos no comercio ambulante non autorizado.

2. Enténdese que hai reincidencia cando se cometeu no prazo dun ano máis dunha infracción desta Ordenanza e foi declarado por resolución firme. Hai reiteración cando a persoa responsable xa foi sancionada por infraccións desta Ordenanza ou cando se están a instruír outros procedementos sancionadores por infraccións desta Ordenanza.

3. Na fixación das sancións de multa terase en conta que, en todo caso, o cumprimento da sanción non resulte máis beneficioso para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 66. - Responsabilidade das infraccións

Caso que, unha vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas dirixidas a individualizar a persoa ou as persoas infractoras, non sexa posible determinar o grao de participación dos diversos suxeitos que interviñeran na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 67. - Concorrenza de sancións

1. Unha vez incoado un procedemento sancionador por dúas ou máis infraccións entre as cales haxa relación de causa a efecto, imporase só a sanción que resulte máis elevada.

2. Cando non se dea a relación de causa a efecto á que se refire o apartado anterior, aos/ás responsables de dúas ou máis infraccións imporánselles as sancións correspondentes a cada unha das infraccións cometidas, salvo que se aprecie identidade de suxeitos, feitos e fundamentos. Neste último suposto aplicarase o réxime que sancione con maior intensidade, gravidade ou severidade a conduta da que se trate.

Artigo 68. - Procedemento sancionador

1. A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na

lexislación do procedemento administrativo.

2. O prazo para resolver o procedemento sancionador será dun ano e contará dende a data da súa iniciación. Logo de transcorrer o prazo máximo para resolver sen que se ditase unha resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

Artigo 69. - Prescrición e caducidade

A prescrición e a caducidade rexeranse pola lexislación administrativa sancionadora xeral, sen prexuízo do que dispoña a lexislación sectorial.

Capítulo 3º: Reparación de danos

Artigo 70. - Reparación de danos

1. A imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta Ordenanza non exonera a persoa infractora da obriga de reparar os danos ou os prexuízos causados.

2. Para os efectos do establecido no apartado anterior, cando proceda, o Concello tramitará pola vía de execución subsidiaria a obriga de resarcimento que cumpra, con cargo ao infractor.

Capítulo 4º: Medidas de policía administrativa

Artigo 71. - Ordes singulares do alcalde para a aplicación da Ordenanza

1. O alcalde pode ditar as ordes singulares ou nominativas e as disposicións especiais que procedan sobre a conduta na vía pública ou o comportamento cidadán, co fin de facer cumprir a normativa en materia de convivencia cidadá e de civismo.

2. Sen prexuízo da imposición da sanción que no seu caso corresponda, o alcalde poderá tamén advertir os infractores das sancións que poidan corresponder en caso de reincidencia.

3. O incumprimento das ordes, as disposicións ou os requirimentos a que se fixo mención nos apartados 1 e 2 deste artigo será sancionado nos termos previstos nesta Ordenanza, sen prexuízo de que se poida presentar unha denuncia penal por desobediencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. O establecido nesta ordenanza non impedirá a aplicación do réxime sancionador previsto nas disposicións sectoriais que cualifiquen como infracción as accións ou omisións contempladas nela.

2. En todo caso non poderán ser sancionados os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Primeira. - Queda derogada a Ordenanza de policía e bo goberno do Barco de Valdeorras do 12 de marzo de 1980 en todo aquilo que se opoña á presente regulamentación.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. - Difusión da Ordenanza

1. -Unha vez aprobada definitivamente esta Ordenanza, publicarase integramente na forma regulamentaria. O Concello poderá realizar unha edición desta para a súa distribución directa á veciñanza.

Segunda. - Aplicación da presente ordenanza

As normas contidas na presente ordenanza aplicaranse:

- a) Por analoxía, naqueles supostos que non se atopen expresamente regulados e que, pola súa natureza, estean comprendidos dentro do seu contido.
- b) Supletoriamente, respecto ao establecido nas normas sectoriais aplicables, sexan estatais, autonómicas ou locais.

Terceira. - Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles a partir da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* de Ourense.

O Barco de Valdeorras, 26 de novembro de 2008.

O alcalde.

Asdo.: Alfredo García Rodríguez

R. 5.792